

V XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

15 de FEBREIRO de 2020

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 5ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 15 de febreiro de 2020**, en xornada de **mañá e tarde**, no Módulo cuberto e na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **sub 16 ata máster**.
- **O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.**
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo. Tampouco poderán participar aqueles atletas que teñan algunha multa pendente.**

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do mércores anterior** á celebración das probas.

Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4.

HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMENTO DE PESO (sub 16-máster)	11:00	SALTO DE LONXITUDE (sub 16-máster)
60ml (sub 16-máster)		60ml (sub 16-máster)
	11:30	
	12:00	60 mv (0.76) - (sub 16- sub 18)
		60 mv (0.84)
SALTO DE LONXITUDE (sub 16-máster)	12:10	LANZAMENTO DE PESO (sub 16-máster)
60 mv (0.91) - sub 16	12:25	
60 mv (0.91) - sub 18	12:35	
60 mv (0.99) - (1.06)	12:45	
FINAL 60ml	12:50	
	12:55	FINAL 60ml
	13:15	1000 ml (sub 16)
1000 ml (sub 16)	13:20	
	13:25	1500 ml (sub 18-máster)
1500 ml (sub 18-máster)	13:30	
	13:40	400 ml (sub 18-máster)
400 ml (sub 18-máster)	13:50	
	14:05	200 ml (sub 18-máster)
200 ml (sub 18-máster)	14:15	

Art. 5. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 6. O acceso ao módulo será restrinxido. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un email a delegacionfgalugo@gmail.com ata o martes 11 para recibir acreditación que lle permita o acceso as zonas habilitadas para eles. Non se admitirán adestradores sen a acreditación de esta tempada.

Art. 7. Nas probas de velocidade indícase a mellor marca. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 8. Táboas, Intentos e Cadencias:


- Táboa de lonxitude a 3m.
- Nos concursos os atletas disporán de 3 intentos + 3 de mellora

Art. 9. Participación: A selección de participantes farase segundo as marcas de inscrición.

-Lonxitude (sub 16-máster):	Máximo 18 atletas.
-Lanzamento de peso (sub 16-máster):	Máximo 18 atletas.
-60ml (sub 16-máster):	Máximo 60 atletas
-60mv (sub 16-máster):	Máximo 2 series por categoría.
-200ml (sub 16-máster):	Máximo 16 atletas
-400ml (sub 16-máster):	Máximo 16 atletas
-1000ml (sub 16):	Máximo 16 atletas
-1500ml (sub 16-máster):	Máximo 16 atletas

Art. 10. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 18 de decembro de 2019



Asdo. José Manuel Peña
Delegado Lugo FGA

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:



ORGANIZA:



COLABORA:

